



BASES “PREMIO SON MULLER” 2025, VIII EDICIÓN

AELU, Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo, cunha traxectoria de máis de 36 anos empoderando á muller empresaria e emprendedora, convoca a VIII EDICIÓN DOS PREMIOS “SON MULLER” para a provincia de Lugo, que recoñecen o papel relevante das mulleres emprendedoras, empresarias e empresarias rurais, como piar e motor económico da nosa provincia.

AELU ten como meta fundamental, cos premios SON MULLER, promover, visibilizar, homenaxear e potenciar a participación da muller no entorno económico e social lucense.

DESTINATARIAS

Emprendedoras e empresarias da provincia de Lugo.

Poderán presentarse tanto persoas físicas como xurídicas, que teñan o seu domicilio social (ou fiscal, no caso de ser persoas físicas) no ámbito territorial da provincia de Lugo.

A presentación da documentación para participar no certame poderá ser achegada pola persoa interesada. Ou por outra persoa en quen delegue (asesorías, xestorías...) sendo precisa unha autorización asinada, neste caso.

Tamén serán requisitos imprescindibles os seguintes:

- No caso de persoas físicas, que están dadas de alta de autónomas (ou réxime equiparable) antes do fin do prazo de presentación de candidaturas.
- No caso de persoas xurídicas, que polo menos o 50% do capital social sexa titularidade de mulleres, admitirase que esta porcentaxe sexa inferior (en ningún caso inferior ó 33%) sempre que xustifique debidamente a súa participación efectiva na toma de decisións.
- Estar ao día nas obrigas fiscais (tanto de ámbito estatal como autonómico) e coa Seguridade Social, será de presentación obrigatoria **no caso de resultar premiadas.**



PRAZO DE INSCRIPCIÓN:

Dende o 4 de novembro ata o 28 de novembro, ambos días incluídos. De conformidade co formulario adxunto.

XURADO

O xurado estará formado por representantes da Xunta Directiva de AELU e personalidades de recoñecido prestixio, pertencentes a distintos ámbitos das administracións, empresa e sociedade lucense. O xurado será responsable de seleccionar as candidaturas gañadoras.

No caso de existir un número elevado de candidaturas o xurado resérvase o dereito a realizar unha preselección de finalistas con carácter previo á data da entrega dos premios.

O xurado resérvase a posibilidade de solicitar información e documentación complementaria ou realizar verificacións que considere adecuadas sobre as candidaturas presentadas. O ditame do xurado non será apelable e adoptaranse por maioría simple; en caso de empate a presidenta de AELU, terá o voto de calidade.

FALLO E ENTREGA DO PREMIO

O fallo do xurado terá lugar o 4 de decembro.

A entrega dos premios farase **o día 12 Decembro de 2025 ás 20:00h** na GALA PREMIOS SON MULLER 2025, que se celebrará no **SALÓN REXIO DO CÍRCULO DAS ARTES - Praza Maior (Lugo).**

Previamente, a Asociación de Mulleres Empresarias da provincia de Lugo comunicará directamente ás candidatas a identidade das finalistas. É requisito imprescindible que as premiadas acudan presencialmente ao acto de entrega dos premios, en caso contrario perderán o dereito ao premio que se lles puidese outorgar.



PREMIOS

1º PREMIO: Dotación económica de 1.000,00 € nesta categoría, máis un ano de cota gratuíta como asociada da Asociación de Mulleres Empresarias da provincia de Lugo e un xogo de artesanía de 3 matrioskas en cerámica, Matrioskiñas Galegas, elaborado por unha artesá lucenses e deseñado especialmente para o premio.

2º PREMIO: Dotación económica de 300,00 € euros nesta categoría. Conleva un ano de cota gratuíta como asociada da Asociación de Mulleres Empresarias da provincia de Lugo e unha matrioska mediana elaborada por unha artesá lucense e deseñado especialmente para o premio, ademais dun agasallo institucional ou patrocinado.

3º PREMIO: Dotación económica de 200 euros nesta categoría. Conleva un ano de cuota gratuíta como asociada da Asociación de Mulleres Empresarias da provincia de Lugo e unha matrioska pequena elaborada por unha artesá lucense e deseñado especialmente para o premio e un agasallo institucional ou patrocinado.

Tódolos premios están suxeitos ao IRFP vixente.

CATEGORÍAS

➤ SON EMPRENDEDORA 2025

Para participar na categoría de emprendedora lucense no ano 2025, a candidata deberá contar cun proxecto empresarial cuxa actividade económica leve en marcha un período máximo de 42 meses. Considerarase data de inicio da actividade empresarial a que figure no Modelo 036 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (ou substituto) debidamente selado e en situación de “Alta”, non sendo válida a fórmula “en constitución”.

Criterios de avaliación:

- Currículo da emprendedora.
- Gran espírito emprendedor.
- Creatividade e innovación.
- Grao de definición do produto ou servizo.



- Orixinalidade e sector emerxente.
- Creación de emprego feminino e taxa de emprego feminina.

➤ **SON EMPRESARIA 2025**

A empresaria destacada no ano 2025 da provincia de Lugo. Deberá contar cunha antigüidade de mínimo 42 meses e un día.

Criterios de avaliación:

- Currículo con ampla experiencia empresarial.
- Valoraranse plans de conciliación de vida persoal e profesional.
- Fomento da igualdade.
- Valorarase a proxección de crecemento nacional ou internacional.
- Creatividade e innovación.
- Creación de emprego feminino e taxa de emprego feminina.

➤ **SON EMPRESARIA RURAL 2025**

A empresaria rural destacada no ano 2025 da provincia de Lugo. Promotora de proxectos orixinais e innovadores de mulleres rurais, baseados en actividades agrarias e complementarias, así como en actividades agroalimentarias, turísticas, industriais, ou que fomenten a diversificación da actividade económica e que promovan e impulsen o emprendemento das mulleres no territorio rural, así como actividades ou actuacións que recoñezan a súa labor no medio rural, da provincia de Lugo.

Criterios de avaliación:

- Currículo con ampla experiencia empresarial.
- Valoraranse plans de conciliación de vida persoal e profesional.
- Fomento da igualdade.
- Valorarase a proxección de crecemento nacional ou internacional.
- Creatividade e innovación.
- Creación de emprego feminino e taxa de emprego feminina.
- Proxecto empresarial que fomente o empoderamento do rural galego.

NA GALA, HABERÁ UN RECOÑECIMENTO ESPECIAL A UNHA EMPRESARIA LUCENSE DE RECOÑECIDO PRESTIXIO, PIONEIRA NO EIDO SOCIAL E ECONÓMICO DE LUGO.



Documentación a presentar polas candidatas aos premios:

- A. Datos identificativos da empresa.
- B. Fotocopia do DNI da participante, así como CIF definitivo e documento xustificativo da constitución da empresa no caso de estar constituída.
- C. Breve CV da emprendedora ou empresaria que participan no proxecto.
- D. Copia do Modelo 036 da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que figure o inicio da actividade debidamente selado.
- E. Solicitude de presentación da candidatura (Anexo I)
- F. Declaración xurada (Anexo II)
- G. Logotipo ou imaxe corporativa da empresa **en formato png ou jpg.**
- H. Memoria explicativa do proxecto ou actividade económica, na que se requiren aspectos como:
 - 1. Descricións do proxecto.
 - 2. Desenvolvemento do produto ou servizo.
 - 3. Posibilidades de mercado.
 - 4. Grado de innovación e creatividade.
 - 5. Contratación e creación de emprego feminino e medidas de apoio a conciliación.
 - 6. Recursos dispoñibles cos que conta.
 - 7. Prazo de execución do proxecto.

A documentación será entregada en formato pdf.

As bases e o formulario de inscrición estarán dispoñibles na web:
www.empresariaslugo.org

O teléfono para calquera dúbida 982226991// 655947735 e o correo electrónico para consultas e entrega de documentación empresariaslugo@gmail.com



"De conformidade co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, a ASOCIACION DE MULLERES EMPRESARIAS, en adiante AELU, informa que os datos recollidos na solicitude de participación no PREMIO SON MULLER na anualidade 2025 serán tratados coa finalidade de xestionar a convocatoria, desenvolvemento e celebración do premio de conformidade co establecido nas bases do mesmo.

Os datos obtidos serán utilizados única e exclusivamente para o fin para o que foron cedidos. Coa aceptación das bases, vostede consente o mencionado tratamento dos datos recollidos na inscrición coa finalidade mencionada; e autoriza, expresamente a AELU, para comunicar os citados datos a terceiras entidades. Dita comunicación farase coa única finalidade de poder levar a cabo a organización do premio ou concurso.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación do tratamento achegando a fotocopia do DNI na seguinte dirección:

AELU (Avenida da Coruña, nº500, 1ª planta EDIFICIO CEI-NODUS) 27003-LUGO.

En calquera caso, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)".